

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL</p>	<p align="center"><b>CPI ANTONIO FAÍLDE</b></p> <p>Estrada de Santiago s/n. C.P. 32100. CAMBEO- COLES</p> <p>Web: <a href="http://edu.xunta.es/centros/cpiantoniofailde">http://edu.xunta.es/centros/cpiantoniofailde</a> e-mail: <a href="mailto:cpi.antonio.failde@edu.xunta.es">cpi.antonio.failde@edu.xunta.es</a> COD. 32 00 41 18 Tlf: 988 20 20 17</p>	
--	---	---

### ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2024/25

#### **NORMATIVA REGULADORA.**

- Orde 21/10/2022 ( DOG 8/11/2022)
- Decreto 13/02/2022 ( DOG 11/02/2022)
- Resolución número de desempate.

#### **SOLICITUDE DE ADMISIÓN : SÓ ALUMNO DE NOVO INGRESO OU QUE SE TRASLADE DE CENTRO.**

As solicitudes axustaranse ao modelo oficial (ANEXO II e continuación) que será facilitado no centro ou que se poderá descargar da páxina web co centro educativo ou da web <https://edu.xunta.es/admisionalumnado>.

Xunto coa solicitude de admisión deberá acompañarse o documento acreditativo da idade ( libro de familia ou DNI ) e de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa (só no caso de traslado de centro).

**Prazo de solicitudes:** O prazo de presentación de solicitudes de admisión será do 1 ao 20 de marzo do 2024, ambos os dous incluídos. E poderá presentarse a través de internet na páxina da xunta admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) para o que fará falta dispoñer de certificado electrónico ou da chave 365, ou directamente na secretaría do noso centro. **O horario será de 10.00h ate as 13.00h e de 14.30h a 15.30 horas.**

#### **Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo.**

Só no caso en que a demanda de prazas escolares sexa superior ás que ofrece o centro no período comprendido do 22 de marzo ao 4 de abril. A presentación desta documentación ten carácter voluntario. A falta de presentación impedirá a súa valoración.

**Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos o 25 de abril.** Reclamacións á listaxe provisional, 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación.

**Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos: antes do 15 de maio.**

#### **FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:**

Os prazos de formalización de matrícula para o alumnado de **novο ingreso** serán os seguintes:

- Do 20 de xuño ao 30 de xuño, para o alumnado de educación infantil e primaria de **novο ingreso** no centro.
- Do 23 de xuño ao 7 de xullo para o alumnado da ESO.